



DOCUMENTOS DE ACREDITACIÓN MATRÍCULAS 2018-2019: Segundo o artigo 16 da Orde de 12 de marzo de 2013, toda a documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia cotexada**.

- 1- A acreditación de **irmáns no centro** farase mediante fotocopia completa do libro ou libros de familia.
- 2- A condición de **traballador do propio centro** acreditarase mediante certificación da dirección do propio centro.
- 3- O **domicilio familiar** acreditarase mediante certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel e que especifique a data de alta nese domicilio, que deberá ter unha antigüidade mínima dun ano, agás circunstancias debidamente xustificadas, A delegación provincial verificará que os datos de identificación fiscal coinciden cos do certificado do Padrón. Aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre dita información, terán cero puntos neste criterio de admisión. De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.
- 4- Cando se teña en conta o **lugar de traballo**, os traballadores por conta allea presentarán un documento expedido para o efecto polo empregador xunto cunha copia do contrato de traballo. Os traballadores por conta propia achegarán alta censual inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores e alta na Tesourería Xeral no réxime correspondente. O persoal ao servizo das administracións públicas presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.
- 5- Para a valoración da **renda da unidade familiar** os solicitantes autorizarán expresamente, ambos os dous cónxuxes, na folia de admisión a utilización da información de carácter tributario subministrada directamente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. A valoración da renda anual per cápita da unidade familiar realizarase con referencia ao IPREM de 2016 (6.390,13) e a situación da familia (nº de membros) a 28 de febreiro de 2018. As casillas que hai que sumar son a 392 máis a 405. O resultado dividirse entre os membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2018.
- 6- A acreditación de **discapacidade** farase mediante a certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, doutras administracións públicas. Puntuaranse as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 por 100.
- 7- A condición de **familia numerosa** acreditarase mediante fotocopia do título oficial en vigor, do carné familiar galego ou copia da solicitud de recoñecemento ou renovación do referido título oficial debendo, neste último caso, achegar este ou a súa renovación con anterioridade á resolución do procedemento de admisión de alumnado.
- 8- A acreditación do criterio de **condición de familia monoparental** farase mediante fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador e declaración xurada de non cobrar pensión do excónxuxe.

Aclaracións:

Non será necesario acreditar os anteriores puntos 5, 6 e 7 cando se autorizase na solicitud a consulta telemática dos mesmos.

No caso de que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña de datos da declaración da renda das persoas físicas dos suxeitos integrantes da unidade familiar, estes deberán achegar certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada un deles, correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural en que se presenta a solicitud, que permita aplicar o baremo que se establece na orde.

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas/os fillas/os que residan habitualmente cun ou outro. Nos casos de custodia compartida, entenderase como renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitud.